



Luns

Martes

Mércores

Xoves

Venres

Sábado

Domingo


● tarefa ● cita — nota



# ... e un cento delas!

**Figuras humanas, aves, cans ou monstros de todo tipo, en Compostela hai centos de gárgolas penduradas das fachadas, protexendo as paredes da auga da chuvia.**

Estes desaugadoiros, simpáticos e sinistros, saúdannos dende o alto con gargarexos, facendo honra ao seu nome: "grglgrglgrgl".

Aínda que decote esquecemos que están aí, seguro que algunha vez reparastes no anxiño do Pazo

de Fonseca, nos señores barbudos da Casa da Parra, nos demos, carneiros e xabarís de San Martiño Pinarío ou nos cans terroríficos do Hostal dos Reis Católicos. Non os vistes? Pois xa estades tardando en saír na súa procura! Non esquezades os prismáticos!

E se lle collestes o gusto a isto de mirar para o alto, habedes gozar co plan que vos imos propoñer: **unha tarde no Espiño!** Pasear polo parque, correr entre araucarias,

acivros e árbores froiteiras, merendar na carballeira e, por suposto, **descubrir as gárgolas** que se agochan na fachada do pazo e da capela: águas arrepiantes, cans, monstros...

Para ir entrando en materia, que vos parece se **construímos a nosa propia gárgola**? Aquí abaixo deixámosvos unhas sinxelas indicacións, mais tedes total liberdade para crear a figura que vós queirades!

+ **INFO:** <https://compostelaverde.santiagodecompostela.gal/places/parque-da-finca-do-espiño/>

**1** Con plastilina de cor gris fai dúas bólas grandes (serán a cabeza e o corpo), dúas medianas (serán os pés) e dúas pequenas (serán as orellas).

**2** Fregando coas palmas das mans, fai agora oito cilindros: dous serán as pernas da gárgola e os outros seis empregarámoslos para facerlle as ás.

**3** Colle tres cilindros, úneos coma na imaxe e aplástaos un chisco para facer unha das ás. Colle outros tres cilindros e repite a operación para facer a outra.

**4** Aplasta as dúas bólas medianas para facer os pés.

**5** Monta todas as pezas como se amosa na imaxe e cun lapis marca as partes da cara, os pelos, as pezuñas...

Xa tes a túa gárgola rematada! Anímaste agora a facer os furados por onde se recollería a auga da chuvia e se botaría fóra: a boca? O fuciño? O embigo? Unha orella?

